

## Escola de Música

A Escola de Música nace no ano 1988 paralela á Escola de Danza un grupo de gaiteiros da man de Alfonso Negro, de gran valia nestes comezos. Foi sucedido por Enrique Candal e Carlos López, membro da Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense. É neste momento cando se crea como escola de música e, constitúese como Banda de Gaitas. Actualmente como profesores están antigos alumnos da escola, Pablo Pardo Rodríguez e Miguel López Buján.

Ten unha matrícula de cincuenta alumnos no que a maioría forma parte de Banda de Gaitas, participa na Liga Galega de Bandas de Gaitas. Foi subcampiña no Campionato Nacional de Bandas de Gaita de Manzaneda (Ourense) no ano 1999. Varios alumnos desta escola seguen estudos superiores de música, unha delas está rematando a carreira de Musicología no Conservatorio de Oviedo. Tamén os dous profesores tanto do de gaita como o de percusión están cursando estudos de música.

Luce nas actuacións o traxe de gala de Muros (A Coruña).

Leva actuado por unha boa parte de pobos de Galicia: Chantada, Melide, Moaña, Ribeira, Lugo, A Coruña. Participa nos circuitos culturais da Xunta de Galicia. Realiza intercambios con outras Bandas de Gaitas como Chantada, Laza, Moneixas (Lalín).

Participa en Festivais folclóricos por toda España e Portugal acompañando á escola de danza.